

II Concurso de Pintura Ernesto Goday

BASES

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Cultura, convoca este concurso en memoria do insigne pintor local don Ernesto Goday Caamaño, que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira. Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor só poderá presentar unha obra.

Segunda. As obras participantes deberán ter unhas dimensións mínimas de 60 x 50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

Terceira. A técnica é libre, pero sempre na modalidade de pintura figurativa. Nesta segunda edición, o tema abarcará todo o relacionado coa paisaxe natural e urbana do Grove e as súas xentes.

Cuarta. O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na web municipal (www.concellodogrove.com) ata o martes 30 de setembro de 2014, incluído.

Quinta. O proceso de selección constará de dúas fases: unha de preselección e outra de selección propiamente dita.

Para a preselección, as ou os artistas participantes neste concurso deberán entregar unha fotografía da obra en formato dixital (CD, DVD, correo electrónico...). As imaxes deberán ter unha calidade suficiente que permita a súa correcta visualización por parte dos membros do xurado. O envío por correo electrónico non deberá superar os 3 Mb de peso.

A fotografía deberá ir acompañada da folla de inscrición, que pode baixarse da web municipal (www.concellodogrove.com).

As fotos en soporte electrónico poderanse enviar ao enderezo de correo electrónico casadacultura@concellodogrove.com ou ao enderezo postal:

*Casa de la Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, 11
36980 O Grove
Pontevedra*

Para a fase de selección, despois de que a organización contacte coa autora ou autor seleccionado, deberán enviarse as obras en soporte físico ao anterior enderezo postal. No exterior do paquete deberá figurar o lema: "II Concurso de Pintura Ernesto Goday".

Sexta. No mes de outubro de 2014 reunirse un xurado independente, composto por profesionais do mundo da arte, para a preselección das obras segundo as imaxes recibidas. As obras preseleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición e do *Catálogo 2014*, que se editará co gallo do concurso.

A organización porase en contacto coas persoas preseleccionadas para organizar o envío dos cadros, que deberán estar enmarcados ou cun simple listón.

Sétima. No mes de novembro (2014) decidirse a obra gañadora e comunicarse o nome da persoa premiada. Entregaráselle o premio, coincidindo coa inauguración

da exposición no mes de decembro. A organización publicará e comunicaralles con suficiente antelación as datas ás persoas interesadas.

Oitava. O premio para a gañadora ou gañador do concurso é de 1.000 euros e un diploma.

As autoras ou autores que teñan a súa obra seleccionada para o *Catálogo 2014* serán obsequiados con cinco exemplares deste.

O xurado, se así o considera, poderá outorgar algún accésit.

Novena. A obra gañadora pasará a ser propiedade do Concello do Grove, así como os seus dereitos de reprodución e explotación. As autoras ou autores das obras que fosen preseleccionadas para a edición do *Catálogo 2014* ceden os dereitos de uso e reprodución fotográfica e comprométense a prestar, se así se lles solicita, a súa obra para a exposición citada na base sexta.

Décima. A organización porá o máximo celo no coidado e tratamento das obras, pero non se responsabiliza da deterioración, roubo ou perda que poidan sufrir por causas alleas a ela ou de forza maior. Os seguros que se quixesen facer efectuaranse por conta de cada participante.

Undécima. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

Duodécima. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.

Concello do Grove

Xuño de 2014

II Concurso de Pintura Ernesto Goday

FOLLA DE INSCRICIÓN

Datos do/a autor/a:

NOME: _____

APELIDOS: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____ CP: _____

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

Datos da obra:

TÍTULO DA OBRA: _____

TÉCNICA: _____

MEDIDAS: _____ VALORACIÓN ECONÓMICA: _____

Declaro que lin, comprendo e acepto as bases do concurso.

(Sinatura)